

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar e o Consello Galego de Cooperativas, organizan, coa colaboración da Universidade de A Coruña, unha xornada informativa sobre emprendemento cooperativo para dar a coñecer ao público universitario as potencialidades do cooperativismo como ferramenta para o autoemprego.

O obxectivo desta xornada é ofrecer a persoas cun nivel formativo alto, que nun futuro desenvolverán a súa carreira profesional, en moitos casos, ligada á investigación e desenvolvemento, a oportunidade de coñecer o cooperativismo de primeira man e contrastar a idoneidade da fórmula para a creación de iniciativas empresariais de base tecnolóxica.

A xornada ten carácter gratuíto.

Prazo de inscrición: ata o 22 de novembro de 2013.

Entregarase diploma de asistencia.

Pódese inscribir chamando ao teléfono 678 759 079 ou a través do enderezo electrónico: info@eusumo.coop

Máis información en:

<http://www.cooperativasdeg Galicia.com>

<http://www.eusumo.coop>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

XORNADA UNIVERSOCCOOP DE DIFUSIÓN DO COOPERATIVISMO DIRIXIDA AO PÚBLICO UNIVERSITARIO

REDE *eusumo*

¿Coñeces a fórmula
empresarial cooperativa?

¿E as súas
potencialidades para
crear emprego?

¿Coñeces algunha
empresa cooperativa
formada por profesionais
do teu perfil académico?



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Coñece o COOPERATIVISMO, un modelo para EMPRENDER

ENTRADA LIBRE. ¡¡INSCRÍBETE!!

25 de novembro de 2013


2 sesións complementarias:

De 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:00 h

Facultade de Ciencias do Traballo

Campus Esteiro, R/ San Ramón s/n Ferrol

A cooperativa



Unha cooperativa de traballo asociado é unha agrupación de persoas que desexan desenvolver de xeito conxunto, unha actividade empresarial que lles garanta un posto de traballo estable. As cooperativas son as únicas fórmulas empresariais que están a crear emprego neste contexto de crise.

A empresa das persoas

Trátase dunha empresa onde as persoas asumen de xeito conxunto e coparticipado a posta en marcha dun proxecto empresarial. Nas cooperativas cada persoa ten un voto, con independencia do capital aportado. Son, polo tanto, as persoas as que se autoxestionan para acadar os seus obxectivos económicos e laborais.



Programa

SESIÓN 1. De 09:30 a 12:00 h

09:30 h Apertura e benvida institucional.

09:45 h A empresa cooperativa: claves diferenciadoras.
Ana Lorenzo Vila. Técnica da Rede Eusumo.

10:15 h Mesa de expertos: O modelo cooperativo: características diferenciadoras desde o punto de vista societario e económico.

Modera: Purificación Alfonso Riveiro. Técnica da Rede Eusumo.

Participan na mesa:

Manuel Vázquez Pena, Profesor Titular de Dereito Mercantil da UDC.

Angélica Díaz de la Rosa, Profesora Asociada de Dereito Mercantil da UDC.

Mar Pernas Márquez. Xerente da Unión de Cooperativas de Traballo-UGACOTA.

11:15 h. Visita á exposición Descubre as Cooperativas.

Visita guiada por parte do equipo técnico da Rede Eusumo.

SESIÓN 2. De 12:00 a 14:00 h

12:00 h Pasos e liñas de apoio para constituír unha empresa de economía social.

Juan Gómez Cabo, Técnico da Rede Eusumo.

Leticia Jorge. Xerente da Asociación Galega de Sociedades Laborais-AESGAL

12:40 h De estudar a emprender na economía social: experiencias.

Conversa con tres experiencias de cooperativas e sociedade limitada laboral formadas por ex-estudantes da universidade. *Conduce a conversa Purificación Alfonso, técnica da Rede Eusumo.*

13:30 h A Rede Eusumo: Cooperativismo e Economía Social.

Xoan Miguel Concheiro Abal, Subdirector Xeral de Cooperativas e Economía Social, Xunta de Galicia.

14:00 h Clausura

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura da UDC.

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e RSC.